

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 20 ao 25 de abril

Ola alumnas, como retomamos os tarefas despois de Semana Santa. Custou? Ah, que o profe de Historia xa vos axudara a non perder ritmo mandándovos tarefas para as vacacións. Dende logo, que personajillo este.

Bueno, imos rematar co tema 10: Humanismo, Renacemento, Reforma e Contrarreforma, facendo unhas actividades de repaso.

Entón, imos facer así:

- Completamos o esquema (exercicio 14) da páxina 278.
- Facemos a actividade 15 sobre artistas do Renacemento, polo menos para que nos soen un pouquiño.
- Copiamos O legado do Renacemento e a Reforma (o cuadrado cor sepia).
- Finalmente, imos traballar unha técnica; neste caso Analizar o palacio Medici-Riccardi, nas páxinas 280-281. Para iso temos que ler os textos e os cadros lilas que hai na imaxe e, a continuación, facer as actividades 24 a 27.

E isto e todo, amigos. Xa sei que esta semana mándovos bastantes deberes, pero a explicación é que así vemos toda esta parte do renacemento das cidades e o comercio no seu conxunto. Para a semana que ven so nos quedará por ver a Baixa Idade Media e a súa crise (peste negra, entre outras cousas) e serán moitos menos deberes, fijo!

Espero que pasedes unha boa finde e unha boa semana. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,
David.